

M. BLANCO RIVAS

Etnografía de Galiza

Mariño Ferro/González Reboredo

Edicións NigraTrea. 34 €

Primeiro dicionario adicado de maneira monográfica á etnografía e antropoloxía de Galiza, este volume ten o obxectivo de dar a coñecer a nosa rica, complexa e interesante cultura tradicional e valoral como se merece. Ofrece información sobre a cultura material, os aspectos sociais,

as crenzas e os saberes: produción agraria, cultivos, apeiros, gando, pesca, oficios, etc. O lector poderá descubrir que os usos e

costumes tradicionais non se deben á ignorancia dos campesiños, artesáns e mariñeiros, senón que son unha resposta a factores xeográficos e económicos concretos.

